

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTOS E MATERIAL ESCOLAR CURSO ESCOLAR 2017/18

O DOG do 22 de maio de 2017 publica a [7 Orde do 16 de abril de 2016](#) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/18.

Esta orde ten unha tripla finalidade, definida no **artigo 1**:

- a) A participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria (en diante, EP) e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO). Cursos en que **necesariamente** se manterán os libros de texto do curso 2016/17.
- b) A convocatoria de axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, e en educación especial (EE).
- c) A convocatoria de axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

Obrigas dos beneficiarios

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán as seguintes obrigas:

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario no curso 2016/17.
2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2017/18 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.
3. Consecuencias da falta de devolución. A falta de devolución dos libros é causa de exclusión do fondo solidario de libros de texto e das convocatorias de axudas. Ademais, revisada a información das devolucións na aplicación axudaslibros, a consellería iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución dos libros adquiridos con cargo ao vale.
4. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo máximo para devolvelos será o **23 de xuño de 2017**, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata **o 7 de setembro de 2017**.

CALENDARIO:

Prazo para presentar solicitudes.

1. O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e **rematará o día 23 de xuño de 2016** (este incluído).

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

PRAZOS

Publicación listas provisionais	7 xullo 2017
Reclamacións	10, 11 xullo 2017
Publicar listaxes definitivas EP (3º a 6º)	14 xullo 2017
Publicar listaxes definitivas ESO (1º a 4º)	8 setembro 2017

Entrega dos libros do fondo solidario do curso 2016/2017.

1. En EP (3º, 4º, 5º e 6º), a entrega terá lugar os días 4 e 5 de setembro.
2. En ESO (1º a 4º), a entrega terá lugar os días 11 e 12 de setembro de 2017.

ENLACES PARA INFORMARSE:

- **Web da Consellería:** <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>
- **Aplicación para a xestión:** <https://www.edu.xunta.es/axudaslibros/>
- **Contacto:** Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Información nos teléfonos do Servizo de Xestión de Programas Educativos: 981 546 521/ 981 547 301/ 881 997 385/ 981 546 525
- **Publicación:** [DOG 22-05-2017](#)